

ENQUISA Ó ALUMNADO DOS DOBRES GRAOS (Curso 2018/19)

A área de calidade da Facultade de Química da USC ten como obxectivo fundamental a mellora continua da ensinanza ofertada no Centro, para o cal considera imprescindible solicitar a opinión de todos os colectivos implicados.


En concreto, a visión do alumnado, que coñece de primeira man as fortalezas e debilidades do sistema, é de gran valor porque permite detectar deficiencias e tomar medidas para minimizalas.

Con este fin, realizouse unha enquisa dirixida aos alumnos dos dobres Grao que se imparten na Facultade, ao longo do mes de xullo de 2019. Nela preguntábase sobre aspectos específicos destas titulacións que críamos non tiñan sido cubertos polas enquisas oficiais da USC. A preparación do cuestionario foi realizada coa colaboración da estudante Fátima María Díaz Freire. Esta bolseira realizou as súas prácticas extra-curriculares na Área de Calidade da USC e traballou na mellora do SGC da Facultade de Química entre os días 17 e 28 de xuño de 2019.

A continuación móstranse as preguntas realizadas e unhas breves conclusións extraídas das respostas obtidas:

1. Estoy estudiando el doble grado de...

Answered: 31 Skipped: 0



OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS
▼ Doble grado en Física y Química	35,48% 11
▼ Doble grado en Química y Biología	64,52% 20
TOTAL	31


A participación foi aceptable (31 alumnos sobre un censo de 73, o que significa un 42,5% de respostas).

A porcentaxe foi similar nos dous dobres grados: 11 alumnos sobre un censo de 24 no dobre grado de Física e Química (45,8%) e 20 alumnos sobre un censo de 49 no dobre Grao de Química e Bioloxía (40,8%).

A participación é moi superior que a acadada na enquisa realizada nas mesmas datas aos alumnos do grao en Química (11,1%).

2. ¿Cuál ha sido el motivo para escoger el doble grado?

Answered: 31 Skipped: 0




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS	
▼ El hecho de que estuviera en Santiago de Compostela.	19,35%	6
▼ Sus salidas profesionales	19,35%	6
▼ Obtener una formación universitaria más completa	41,94%	13
▼ Por gustarme las dos áreas	83,87%	26
Total de encuestados: 31		

En xeral, os alumnos nos buscan mellores saídas profesionais.

A razón maioritaria é que lles gustan as dúas áreas e pensan que cursando o dobre grao conseguirán unha formación mais completa.

3. Cuáles de estos aspectos son los más positivos de estudiar este doble grado?

Answered: 29 Skipped: 2




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS
▼ La completa formación recibida	65,52% 19
▼ La calidad docente	6,90% 2
▼ La planificación de contenidos	3,45% 1
▼ El ambiente de compañerismo	55,17% 16
▼ Los horarios de clases	0,00% 0
▼ La carga lectiva	3,45% 1
▼ Otro (especificar) Respuestas	10,34% 3
Total de encuestados: 29	

A gran maioría pensa que o mais positivo do dobre grao e a completa formación recibida. Tamén destacan o bo ambiente de compañeirismo que se crea entre eles.

4. ¿Y los más negativos?

Answered: 31 Skipped: 0



OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS
▼ La completa formación recibida	12,90% 4
▼ La calidad docente	22,58% 7
▼ La planificación de contenidos	74,19% 23
▼ El ambiente de compañerismo	0,00% 0
▼ Los horarios de clases	74,19% 23
▼ La carga lectiva	58,06% 18
▼ Otro (especificar)	Respuestas 12,90% 4
Total de encuestados: 31	

De forma case unánime, os alumnos critican a planificación dos horarios e tamén dos contidos. Ademais pensan que a carga lectiva é excesiva.


5. ¿Qué mejoras concretar sugerirías?

As propostas de mellora son de novo case unánimes, xa que todos inciden nos mesmos defectos que deben ser corrixidos, e suxiren:

- Maior comunicación entre as dúas facultades.
- Mellor organización de horarios: materias en orde equivocada, moitas horas baleiras entre clases, problemas e confusión cas optativas dos últimos cursos e cos TFGs.
- Sería conveniente unha xornada de presentación en 1º, específica para os alumnos dos dobres graos.
- Detectan graves deficiencias que lles impiden incorporarse nalgunhas materias do grao en química, especialmente en química orgánica e tamén algún en química inorgánica polo que propoñen clases extra.

6. ¿Responde el doble grado a tus expectativas?

Answered: 31 Skipped: 0




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS
▼ Sí	35,48% 11
▼ No	41,94% 13
▼ Otro (especificar)	Respuestas 22,58% 7
TOTAL	31

Hai mais alumnos descontentos que satisfeitos cos dobres graos.

Case un 42% opinan que non responde ás súas expectativas.

Unha porcentaxe do 22,6% aínda non sabe, porque son alumnos que están nos primeiros anos.


7. ¿Volverías a estudiar el doble grado en la USC?



OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS	
▼ Sí	48,39%	15
▼ No	41,94%	13
▼ Otro (especificar)	Respuestas 9,68%	3
TOTAL		31

A pesar de todos os problemas e deficiencias, case a metade dos alumnos volvería a cursar o dobre grao.

8. Siendo 1 la menor puntuación y 5 la mayor, tu satisfacción general con el doble grado es....



OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS	
▼ 1	0,00%	0
▼ 2	32,26%	10
▼ 3	38,71%	12
▼ 4	29,03%	9
▼ 5	0,00%	0
TOTAL		31

A media da satisfacción xeral co dobre grado e dun 2,96 sobre 5.

A nota maioritaria e dun 3 sobre 5.

Santiago de Compostela, 13 de Setembro de 2019

Asinado: Susana López Estévez
Coordinadora de Calidade, Facultade de Química